

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de xullo de 2007.–O ministro de Sanidade e Consumo, Bernat Soria Escoms.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14487 *ORDE APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 180, do 28-7-2007.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Desde o ano 2004 o sudoeste da Península Ibérica viuse afectada pola circulación viral do serotipo 4 de virus causante desta enfermidade, adoptándose as medidas adecuadas desde entón para o seu control e erradicación, incluíndo a existencia dun programa de vacinación fronte ao mencionado serotipo.

As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, cuxa última modificación, polo que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España e Alemaña, a constitúe a Decisión 2007/28/CE da Comisión, do 22 de decembro de 2006.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español no ano 2004. Estas medidas foron posteriormente modificadas, á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/1128/2007, do 26 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, ante o reinicio da actividade continuada de *Culicoides imicola* nas zonas cualificadas anteriormente como «estacionalmente libres».

Non obstante, a detección no sur de España durante o mes de xullo de 2007 dun novo illamento do virus da lingua azul, caracterizado por técnicas de laboratorio como dentro do serotipo 1 deste virus, fai necesario modificar en parte a estratexia de loita contra esta enfermidade en España, dado que de momento non existe dispoñible vacina inactivada fronte ao mencionado serotipo 1. En consecuencia, procede á adopción dunha nova orde que regula as medidas de loita e control da enfermidade,

adaptándose á nova situación epidemiolóxica xerada pola aparición do serotipo 1 do virus da lingua azul no sur de España.

Débense establecer dous tipos de zonas restrinxidas en España: unha zona restrinxida na cal as mostras tomadas de acordo co Programa nacional de vixilancia serolóxica fronte á lingua azul, que demostrou, polo momento, só a circulación do serotipo 4 do virus da lingua azul en anos precedentes, e outra zona en que se demostrou ademais a circulación do serotipo 1 durante o ano 2007. O movemento para vida cara á zona libre de animais sensibles desde explotacións situadas en ambas as zonas restrinxidas, estará suxeito ao réxime normal de movementos previsto na normativa comunitaria.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto desta orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril; no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, e no artigo 2.a) do Real decreto 1939/2004, do 27 de setembro, polo que se regula a cualificación sanitaria das gandarías de reses de lida e o movemento dos animais pertencentes a estas.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida por serotipo 1 e 4 do virus da lingua azul (zona restrinxida S-1-4): provincias e comarcas incluídas no anexo III A.

b) Zona restrinxida por serotipo 4 do virus da lingua azul (zona restrinxida S-4): provincias e comarcas incluídas no anexo III B.

c) Zona libre: o resto do territorio nacional.

d) Espectáculo taurino: os clasificados así no artigo 25 do Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e se lle dá nova redacción ao Regulamento de espectáculos taurinos.

e) Posto de control: o lugar en que se interrompe o traxecto para facer que descansen, alimentar ou abeberar os animais.

Artigo 3. *Requisitos para movementos con destino a vida dentro de España desde as zonas restrinxidas S-1-4 e S-4.*

1. Todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida S-1-4 con destino á zona restrinxida S-4 ou á zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, así como todo movemento destas especies procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida S-4 con destino á zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga.

No caso de movemento de animais transhumantes vacinados de acordo co establecido no anexo I, estes

poderán abandonar a zona restrinxida S-4 con destino a zona libre «a pé», non quedando eximidos do resto dos puntos deste artigo.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente, nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou cun produto repelente cunha antelación máxima de sete días naturais previos ao transporte. Nas explotacións de orixe terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores en que permanezan os animais, procedéndose a ela tantas veces como sexa necesario para garantir a actividade do desinsectante empregado.

e) Todos os animais que abandonen a zona restrinxida S-1-4 ou S-4 para o seu movemento para vida á zona libre dentro de España, deberán estar marcados, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea sen a debida autorización. Esta marcación realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantirse en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio do seu posuidor, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. No resto de ruminantes, a marcación efectuarase mediante unha marca auricular de cor.

2. Ademais dos requisitos do punto anterior, para movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-4 ou S-1-4 con destino á zona libre ou da zona restrinxida S-1-4 con destino á zona restrinxida S-4 da mesma ou distinta comunidade autónoma deberán cumprirse tamén as condicións que establece a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas; para este efecto os animais obxecto de traslado deberán cumprir, polo menos, algunha das condicións indicadas nos anexos I e II.

Sen prexuízo disto, cando se trate do movemento desde zona restrinxida S-4 de ovinos menores de dous meses de idade procedentes de nais vacinadas fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul, con destino a ceiba en explotacións situadas en zona libre, dentro do territorio nacional, os animais quedarán inmovilizados na explotación de destino e protexidos do ataque de Culicoides e terán como único destino final o sacrificio en matadoiros nacionais. Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha listaxe de explotacións de ceiba de ovino que cumpran os requisitos hixiénico-sanitarios para a súa autorización para recibir ovinos de ceiba de menos de dous meses de zonas de restrición. Esta listaxe será remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha listaxe nacional e póla á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

3. Nos movementos previstos neste artigo farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 14 de abril, ou como documentación adxunta a el, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación destas medidas e, nos casos que así proceda de acordo con este artigo, a documentación acre-

ditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas a estes animais e, se é o caso, a data de vacinación e o tipo de vacina administrada.

4. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida polo virus da lingua azul, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

Artigo 4. *Requisitos específicos dos movementos intracomunitarios para vida desde as zonas restrinxidas.*

Os animais de especies sensibles de explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1-4 ou S-4 poderanse mover para vida directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece para o efecto a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas.

Artigo 5. *Movementos para sacrificio desde a zona restrinxida.*

1. Os animais de especies sensibles de explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1-4 ou S-4 poderanse mover para sacrificio directamente a territorio doutros Estados membros logo de autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005.

2. Os requisitos para autorizar os movementos para sacrificio de animais de especies sensibles desde explotacións radicadas na zona restrinxida S-1-4 con destino a zona restrinxida S-4 ou a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, así como todo movemento para sacrificio destas especies procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida S-4 con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, serán os seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinfectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados ao matadoiro para o seu sacrificio nun prazo máximo de 48 horas, baixo supervisión oficial. Cando os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar animais a este e notificaralle a súa chegada á autoridade sanitaria competente en materia de expedición.

e) Cando os movementos para sacrificio teñan por destino matadoiros localizados fóra de ambas as zonas restrinxidas, no matadoiro, así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores nos cales vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino poderá exceptuar da desinsectación previa o matadoiro de destino, cando este se encontre situado en zona libre e non exista risco de presenza do vector.

f) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente cunha antelación máxima de sete días naturais previos ao transporte, tendo en conta o período de supresión do produto empregado.

3. Nos movementos previstos no punto anterior, farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 14 de abril, ou como documentación adxunta a el, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación destas medidas e, nos casos en que así proceda de acordo con este artigo, a identificación do precinto do medio de transporte.

4. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida S-1-4 ou S-4, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

5. Malia o disposto neste artigo, non se poderán autorizar en ningún caso movementos para sacrificio dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona S-1-4 con destino cara a aquelas provincias de zona libre do territorio nacional, nas cales historicamente se notificase a presenza de focos de lingua azul, excepto que cumpran os requisitos do anexo II.

Artigo 6. *Movementos de reses de lida desde a zona restrinxida S-1-4 destinados a espectáculos taurinos en zona libre ou en zona restrinxida S-4.*

Os movementos de reses de lida desde zona restrinxida S-1-4 con destino a espectáculos taurinos celebrados en zona restrinxida S-4 ou en zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, realizaranse de acordo cos requisitos especificados no artigo 5. Malia o anterior, os movementos de reses de lida desde zona restrinxida S-1-4 con destino a espectáculos taurinos celebrados en zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, deberán cumprir ademais as condicións referidas ás reses de lida con destino a espectáculos taurinos recollidas no punto 3 do anexo I.

Os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida de zona restrinxida S-1-4 ou S-4 de España para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona libre, ou de zona restrinxida S-1-4 para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona restrinxida S-4 deberán comunicar á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 15 días naturais á data prevista de chegada dos animais ao seu destino.

As reses de lida procedentes de zona restrinxida S-1-4 non poderán permanecer con vida máis de catro días naturais en zona libre ou en zona restrinxida S-4, durante os cales os animais serán tratados cun desinsectante ou repelente, de modo que estean protexidos do ataque do vector. Unha vez transcorrido este período de tempo, os animais deberán ser sacrificados ou devoltos á zona restrinxida de procedencia.

O incumprimento das garantías sanitarias establecidas neste artigo, especialmente daquelas que supoñan un risco de difusión da enfermidade, autorizará as autoridades sanitarias competentes para ordenar o sacrificio e destrución inmediata dos animais da partida; o organizador do espectáculo correrá cos gastos derivados desta actuación.

Artigo 7. *Vacunación de especies sensibles en zona restrinxida S-1-4 e S-4.*

1. Establécese a vacinación obrigatoria fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul dos animais pertencentes ás especies ovina e bovina nas zonas restrinxidas S-1-4 e S-4.

2. A vacinación levarase a cabo baixo supervisión oficial e coas vacinas que para tal fin lles subministre a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás comunidades autónomas das zonas restrinxidas.

3. Os animais vacinados deberán marcar no momento da primeira vacinación cunha marca auricular de cor na cal figurará, polo menos, a lenda «LA». Non obstante, no caso de bovinos, esta marcación poderase realizar no documento de identificación bovina (DIB), previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantirse en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando emitan un novo documento as autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio do seu posuidor, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

As autoridades competentes en sanidade animal das comunidades autónomas levarán a cabo un rexistro dos animais vacinados en que, polo menos, figurará o ano/mes de primeira vacinación e de sucesivas vacinacións, o código de explotación e a identificación individual dos animais, cando proceda.

4. Co fin de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 11.2 do Real decreto 1228/2001, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán á Subdirección Xeral de Sanidade Animal os programas vacinais que pretendan aplicar no seu territorio, co fin de trasladalo á Comisión Europea.

Artigo 8. *Esperma, óvulos e embrións.*

O traslado de esperma, óvulos e embrións de doadores de zona restrinxida rexerese polo previsto na Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005.

Artigo 9. *Zona libre.*

Os movementos de saída desde unha zona libre, ou dentro desta zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida como para sacrificio, ou con destino a espectáculos taurinos, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

Artigo 10. *Tránsito por zona restrinxida.*

Autorízase o tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona libre, a través de zona restrinxida, sempre que se lles aplique aos animais e aos medios de transporte un tratamento con repelente e/ou desinsectante autorizado no lugar de carga ou, en calquera caso, antes de entrar en zona restrinxida.

En caso de que estea previsto un período de parada nun posto de control, así como nas instalacións portuarias, durante o tránsito a través de zona restrinxida, aplicarase un tratamento con repelente e/ou desinsectante autorizado a fin de protexer os animais de posibles ataques de vectores.

Artigo 11. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas, con orixe en explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1-4 ou S-4, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados como máximo dentro dos cinco días naturais previos ao movemento ou ben tratados cun repelente. Así mesmo, os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

b) A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.

Artigo 12. Réxime sancionador.

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Réxime temporal de movementos de reses de lida desde explotacións situadas en zona restrinxida S-1-4 para a celebración de espectáculos taurinos en zona restrinxida S-4.*

Malia o previsto no artigo 6, a obriga da comunicación previa á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino por parte dos organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida de zona restrinxida S-1-4 de España para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona restrinxida S-4, non será de aplicación aos espectáculos taurinos que se celebren dentro dos dezasete días naturais seguintes ao da entrada en vigor desta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde APA/1128/2007, do 26 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de xullo de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul, desde explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-4

O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-4 a explotacións situadas en zona libre do territorio nacional poderase realizar se se cumpre algunha das seguintes condicións:

- 1) Que estivesen protexidos dos ataques de Culicoides durante, como mínimo, vinte e oito días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba serolóxica para a detección dos anticorpos do grupo do virus da febre catarral ovina, con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras tomadas, como mínimo, vinte e oito días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores, ou
- 2) Que estivesen protexidos dos ataques de Culicoides durante, como mínimo, catorce días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou a unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores, ou
- 3) No caso de animais vacinados:

Animais da especie ovina con destino para vida:

- a) Que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul; neste caso poderase autorizar o movemento inmediatamente des-

pois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando esta dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación aplicado. O prazo máximo para o movemento será dun ano.

- b) Ou se se trata de animais vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul por primeira vez, para autorizar o movemento deberán ter transcorrido corenta días desde a aplicación da segunda dose vacinal. O prazo máximo para o movemento será dun ano.

- c) Ou que se trate de ovinos non vacinados de ata dous meses de idade nados de femias vacinadas fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul, con destino á ceba; neste caso os animais só se poderán destinar a cebadeiros autorizados polas autoridades competentes de destino.

Animais da especie bovina con destino para vida, incluídas as reses de lida con destino a espectáculos taurinos:

- a) Que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul; neste caso poderase autorizar o movemento inmediatamente despois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando esta dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación aplicado. O prazo máximo para o movemento será de seis meses.

- b) Ou que se trate de animais vacinados por primeira vez fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul; neste caso deberán ter transcorrido setenta días desde a aplicación da segunda dose vacinal ou ben realizar unha toma de mostra a partir dos vinte e cinco días da aplicación da segunda dose vacinal, para a realización dunha proba de PCR con resultados negativos, sen que sexa necesario o illamento en ningún dos dous casos. Unha vez efectuada unha destas condicións, o prazo máximo para o movemento será de seis meses desde a aplicación da segunda dose vacinal.

ANEXO II

Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul, desde explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1-4

O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida S-1-4 cara a explotacións situadas na zona restrinxida S-4 ou en zona libre do territorio nacional poderase realizar se estiveron protexidos dos ataques de Culicoides durante, como mínimo, catorce días antes da data do traslado, e foron sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

ANEXO III

Relación de comarcas incluídas en cada unha das zonas definidas no artigo 2

A. Zona restrinxida S-1-4:

As cidades de Ceuta e Melilla e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

A provincia de Cádiz.

As comarcas de Cantillana, Carmona, Écija, Lebrija, Marchena, Osuna, Sanlúcar La Mayor e Utrera da provincia de Sevilla.

A comarca de Almonte na provincia de Huelva.

As comarcas de Antequera, Cartama, Estepona, Málaga e Ronda da provincia de Málaga.

B. Zona restrinxida S-4:

A Comunidade Autónoma de Extremadura.

As provincias de Córdoba, Toledo e Ciudad Real.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá La Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Huelva: as comarcas de Aracena, Cartaya, Cortegana, Palma del Condado, La Puebla de Guzmán e Valverde del Camino.

Provincia de Málaga: comarca de Vélez Málaga.

Provincia de Sevilla: as comarcas de Cazalla de la Sierra e El Ronquillo.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, Cebreros, El Barco de Ávila, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, Arganda del Rey, Alcalá de Henares, Colmenar Viejo, El Escorial, Griñón, municipio de Madrid, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Torrelaguna e Villarejo de Salvanés.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

14591 *ORDETAS/2307/2007, do 27 de xullo, que desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal. («BOE» 182, do 31-7-2007.)*

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, recolle a formación de demanda, entendida como aquela que realizan as empresas para os seus traballadores, incluíndo os permisos individuais de formación, e que responde ás necesidades específicas que presentan unhas e outros.

Esta orde desenvolve esa formación de demanda desde o obxectivo de conseguir unha maior promoción e integración social dos traballadores, así como unha mellora da competitividade das empresas. Todo iso contando coa responsabilidade compartida da Administración, os axentes sociais e a colaboración das diferentes entidades e institucións que actúan no campo da formación.

Así mesmo, respéctanse as competencias de xestión das comunidades autónomas, que asumen as funcións de avaliación, seguimento e control da formación que realicen as empresas que teñan todos os seus centros de traballo dentro do seu territorio. Así afóndase na colaboración e cooperación entre as administracións públicas das comunidades autónomas e a do Estado.

Por outra parte, a orde recolle, de acordo co expresado no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, o deber de información á representación legal dos traballadores respecto da formación que se realice no seo das empresas, garantindo así o diálogo social entre empresarios e traballadores nese ámbito.

As empresas dispoñen dun crédito para a formación dos seus traballadores que poden facer efectivo mediante a aplicación de bonificacións á Seguridade Social unha vez realizada esa formación. A contía dese crédito fixarase tendo en conta o importe ingresado polas empresas en concepto de formación profesional durante o exercicio anterior, mediante a aplicación a ese importe dunha por-

centaxe de bonificacións que se fixa na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio e que será inversamente proporcional ao tamaño das empresas. En todo caso, garántese un crédito mínimo de bonificación na contía que se determine na lei anteriormente citada. Ademais, esta orde recoñécelles un crédito adicional ás empresas para a realización de permisos individuais de formación, favorecendo a súa xeneralización ao conxunto dos traballadores, dentro do respecto á organización do traballo no seo da empresa.

Este modelo de financiamento ofrece un marco de seguridade xurídica e de transparencia ao permitirilles ás empresas coñecer ao comezo de cada exercicio o crédito de que dispoñen para a formación dos seus traballadores, potenciando a planificación e a integración da formación no devir cotián da empresa. Con esta orde ministerial cada empresa, con independencia do tamaño, actividade ou situación, pode libremente elixir a formación que considere necesario realizar, seleccionar o seu contido e determinar o lugar e a data para impartila. Así, o acceso das empresas á formación canalízase mediante un sistema telemático creado para tal efecto que facilita e axiliza as relacións entre as empresas e a Administración. Ademais, redúcense os períodos de comunicación á Administración por parte das empresas, medida que favorecerá a flexibilidade na toma de decisións nas empresas, sobre todo no que se refire a aquelas incidencias que con carácter máis frecuente se dan no desenvolvemento práctico da formación.

Por outra parte, actualízanse os módulos económicos máximos aplicables polas empresas segundo a modalidade de impartición e o nivel de formación e exclúese a súa aplicación para as empresas de menos de 10 traballadores, o que sen dúbida favorecerá o acceso á formación a este segmento de empresas, co fin de acadar un maior nivel de penetración da formación nese ámbito, que presenta aínda unhas porcentaxes afastadas respecto do que representan empresas con maior tamaño.

Así mesmo, resulta necesario destacar a consideración da formación non como un gasto para as empresas senón como un investimento rendible para a súa mellora e competitividade, polo que se introduce a existencia de cofinanciamento da formación para as empresas, salvo para aquelas de menos de 10 traballadores. Exención establecida, na liña do apuntado anteriormente, para fomentar o acceso á formación destas empresas.

O Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, que regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral de Estado, establece os requisitos que deberán cumprir as aplicacións e os programas que efectúen tratamentos de información cuxo resultado sexa utilizado para o exercicio das potestades que ten atribuídas a Administración xeral do Estado.

Por outro lado, e co obxecto do acceso ao sistema telemático, teranse en conta as especificacións e requisitos establecidos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

En relación co tratamento dos datos persoais, e tal e como establece o artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, procédese á creación dos ficheiros automatizados de datos de carácter persoal asociados ao sistema telemático de formación profesional para o emprego.

Esta orde dítase en desenvolvemento parcial do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en cuxa disposición derradeira segunda se habilita o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas normas sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

No proceso de elaboración consultáronse as organizacións empresariais e sindicais presentes na Comisión Tripartita de Formación Continua, informouse a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e emitiuse o informe previo da Comisión Ministerial de Administración Electrónica e da Avogacía do Estado do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.